

Imprescindibles

Xabier Cordal

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

CORDAL, XABIER (2011 [2008]). “Imprescindibles”. *Protexa*: 8, 3. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1238>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

CORDAL, XABIER (2008). “Imprescindibles”. *Protexa*: 8, 3.

* Edición dispoñíbel desde o 30 de setembro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.



IMPRESCINDIBLES. A definición máis exacta de *imprescindible* vén no dicionario. Se desculpan non citarei aquela de Brecht que aprendiamos de novos na canción cubana: de entendermos a loita como abnegada repetición dun só compromiso, o retrato deste artista transmoderno quedaría en dúas dimensións. Falamos dun explorador que naceu poeta, rozou despois ferrados sen conexión aparente e non xogou daquela á comodidade. Dicía: *imprescindible* é aquel sen cuxo nome non se dá escrito a historia desta literatura. Tampouco da videocreación, tampouco das primeiras rimas sincopadas no noso idioma, salvando Celso Emilio Ferreiro; tampouco da Televisión de Galicia.

Escribir en calquera fala das Hispanias sen coñecer a obra de Antón Reixa é arriscarse a quedar colgando no poema sublime. Aínda que algún apoio lle chegou ao principio –*Historia do rock and roll* premiárase na Universidade–, a que se dixo “xeración dos oitenta” e el habitaban mundos antagónicos. Reixa pagou o que toca a quen roza monte sen ollar atrás, sendo excluído –ate que entraron os noventa– das panorámicas e dos manuais. As arestas foron luíndo; o último do poeta vigués editouse na colección de poesía que dirixe Fernán-Vello.

Antes de *Látigo de algas*, o testamento poético do Antón Reixa-proel-turbina chamouse precisamente *Escarnio*. A esa progresión mal comprendida –e poucas veces analizada– resulta agora culto procurarlle antecedente aí, no expresionismo medieval. Son taxidermias. Amecendo o sainete desacralizador de Curros ao moderno sirventés que axitaba Arístides Silveira e á galaxia ceibe onde viaxa aínda Manuel Antonio, só Antón Reixa, zas!, podía aparecer. Co resto da súa xeración, que está por determinar e ben se chamaría “xeración do éxodo”. Foron os primeiros en advertilo: a Galicia labrega de Otero fluía sen retorno polas estradas en dirección ao capital. Con Reixa apréndese que cando Marx dorme a nación engorda monstros e que a dirección reversible do tempo está en Ferrol, febreiro, 1985. Grazas a el sabemos, por palestinos, que o silencio está escrito en braille. É imprescindible saber cousas así. // **Xabier Cordal**